



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS

D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
Dna. M^a Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F.)

VOCAIS REPRESENTANTES DO LUGAR DE MOA, CONCELLO DE LALIN

D. Manuel Moa Acevedo
D. Esther Fernández Moa

SECRETARIO

D. José M^a Muíños Mayoral

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dez de maio do 2007, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación de varias parcelas de monte solicitadas polos veciños do lugar de Moa, do concello de Lalín.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 11/02/05, D.Manuel Moa Acevedo, en representación dos veciños do lugar de Moa, da parroquia de Vilatuxe, do concello de Lalín, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación de varias parcelas de monte como veciñal en man común para os veciños do lugar de Moa, acompañando informe técnico e pericial, diversa documentación que describe o monte, identificación, superficie, lindeiros, etc. A dita solicitude, se lle engade nova documentación por parte do solicitante en datas 01/04/05 e 22/04/05, aportando nova documentación histórica e informes técnicos.

SEGUNDO.- Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 26 de abril do 2005, acordouse incoar expediente có carácter indicado, excluindo do mesmo, a parte do monte que se correspondía coa solicitude de clasificación feita polos veciños de Zobra, do concello de Lalín, no expediente de clasificación dos montes "Deetrás, Escuredo e Balsanín", e nomear instructor do mesmo a D. Manuel Francisco



Gutierrez, instructor que é cambiado en data 31/03/06, pasando a se-lo ponente D. Jesús de la Fuente Villar, cambio que é notificado a tódolos persoados no expediente.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solícítase informe preceptivo do Servizo de Montes e Industrias Forestais que é remitido ó Xurado con data 28 de decembro do 2004.

CUARTO.- Á vista da documentación aportada polo solicitante e o informe do Servizo de M.I.F. os montes obxecto do presente expediente, obedecen á seguinte descripción:

CONCELLO: LALIN
PARROQUIA: VILATUXE
LUGAR: MOA

NOME DO MONTE: "Parcela 1"

Cabida: 26,95 Has.

Lindes:

Norte: Predios particulares

Sur: Río Deza e predios particulares de José Otero Cachafeiro, M^a Dolores Cachafeiro Fernández, Constantino Cachafeiro Iglesias, Dolores Cachafeiro Otero, José Moa Gulias, María Liñares Munín, Roberto Ferreiroa Vispo, Leonisa Fernández Moa, Manuel Liñares Munín, Angel Pichel Otero, Angelina Cachafeiro Casado, Rosalía Cachafeiro Taboada, Dolores Cachafeiro Taboada, José Cachafeiro Casado, Consuelo Presas Casado, José Crespo Cachafeiro, Dolores Crespo Cachafeiro, Constantino Crespo Cachafeiro, Ramiro Fernández Dobarro, Julia Leonor Moa Gulias, Dolores Fernández Moa, Saladina Vispo Iglesias e Manuela Pichel Fernández

Leste: Predios particulares de Rosalía Cachafeiro Taboada, Consuelo Presas Casado, José Cachafeiro Casado, José Moa Gulias, Leonisa Fernández Moa, Roberto Ferreiroa Vispo, María Liñares Munín, Dolores e Leonor Moa Gulias

Oeste: Río Deza

NOME DO MONTE: "Parcela 2"

Cabida: 116,79 Has.

Lindes:

Norte: Predios particulares de Maximino Otero Ramos, José Otero Cachafeiro, Dolores Cachafeiro Otero, María Liñares Munín, Elvira Failde Montero, Roberto Ferreiroa Vispo, Leonisa Fernández Moa, Consuelo Presas Casado, Julia Leonor Moa Gulias, Olga Montoto Liñares, Rosalía Cachafeiro Taboada, Dolores, José Crespo Cachafeiro, José Cachafeiro Casado, Samuel Cachafeiro Casado, Angelina Cachafeiro Casado, María Fernández Dobarro, Bernardino García Carrera, Alicia Granja Bernárdez, Severino Iglesias Quintana, Manuel Silva Dobarro, Filomena Dobarro González, José Ferradas González, Antonio García Varela, Manuel Liñares Munín, Otilia Silva Nieves, Manuel Ogando López, María Gutierrez, Elias



Fernández Taboada, Sara Gómez Dobalo, José Dositeo Lamas Rodríguez, Bartolomé e Antonio Ferradás González

Sur: Liña que vai aproximadamente dende o vertice V.1 (Río Deza) ó vertice V.11 (Pena do Corvo)

Leste: Monte da CMVMC de Zobra e predios particulares de Manuel Lois Taboada, Marcelino Cobas Jubín, Antonio García Varela

Oeste: Predios particulares de Roberto Ferreiroa Vispo, Rosalía Cachafeiro Taboada, Manuel Pichel Fernández, Angelina Cachafeiro Casado, José Moa Gulias, Olga Montoto Liñares, Manuel Liñares Munín, Manuel Cachafeiro Casado, Rosalía Cachafeiro Otero, José Otero Cachafeiro, María Liñares Munín, Dolores Cachafeiro Otero, Maximino Otero Ramos, Consuelo Presas Casado, Manuela Pichel Fernández, Leonisa Fernández Moa, Julia Leonor Moa Gulias, Dolores e José Crespo Cachafeiro,

Encravados:
José Vispo Sanmartín, cunha superficie de 3867 m²

NOME DO MONTE: "Parcela 3"

Cabida: 7,8 Has.

Lindes:

Norte: Predios particulares de José Moa Gulias e José Crespo Cachafeiro

Sur: Liña que vai aproximadamente dende o vertice V.1 (Río Deza) ó vertice V.11 (Pena do Corvo)

Leste: Predios particulares de Julia Leonor Moa Gulias, María Liñares Munín, Rosalía Cachafeiro Taboada, Antonio Otero Cachafeiro, Manuela Pichel Fernández, Dolores Cachafeiro Otero, José Moa Gulias, Olga Montoto Liñares, Manuel Liñares Munín, Roberto Ferreiroa Vispo e Angel Pichel Otero,

Oeste: Predios particulares de José Moa Gulias, Roberto Ferreiroa Vispo, Dolores Cachafeiro Otero, José Cachafeiro Casado, María Liñares Munín, M^a Dolores Otero Ramos, Rosalía Cachafeiro Taboada, Julia Leonor Moa Gulias, José Otero Cachafeiro, M^a Dolores Cachafeiro Fernández, Consuelo Presas Casado e Leonisa Fernández Moa

Encravados:

José Moa Gulias, cunha superficie de 3531 m²

NOME DO MONTE: "Parcela 4"

Cabida: 2679 m²

Lindes:

Sur: Liña que vai aproximadamente dende o vertice V.1 (Río Deza) ó vertice V.11 (Pena do Corvo)

Leste: Predios particulares de Dolores Cachafeiro Otero e José Moa Gulias

Oeste: Predios particulares de Roberto ferreiroa Vispo

Observacións:

É unha parcela de forma triangular

NOME DO MONTE: "Parcela 5"

Cabida: 6,35 Has.



Lindes:

Norte: Predios particulares de Roberto Ferreiroa Vispo, José Moa Gulias, Dolores Cachafeiro Otero, Manuel Liñares Munín, José Moa Casal, Angelina Cachafeiro Casado, Samuel Cachafeiro Casado, José Cachafeiro Casado, M^a Dolores Otero Ramos, Manuela Pichel Fernández, Rosalía Cachafeiro Taboada, Luis González Vispo, Maximino Otero Ramos,

Sur: Liña que vai aproximadamente dende o vertice V.1 (Río Deza) ó vertice V.11 (Pena do Corvo)

Leste: Predios particulares de Manuela Pichel Fernández, Dolores Cachafeiro Otero, José Otero Cachafeiro, Consuelo Presas Casado, M^a Dolores Otero Ramos, José Moa Gulias

Oeste: Río Deza

QUINTO.- En data 30/05/05, D. Manuel Moa Acevedo, presenta recurso de reposición contra a non incoación de parte do monte solicitado, recurso que é rexeitado polo Xurado de Montes en reunión ceelebrada en data 29/06/05

SEXTO.- En data 20/10/05, D. Manuel Moa Acevedo, presenta perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo N^o 2 de Pontevedra, recurso contencioso-administrativo contra a desestimación do seu recurso de reposición presentado en data 30/05/05. Con data 10/11/05 é remitido ó devandito xulgado a documentación obrante no expediente

SETIMO.- Con data 23/11/05, o rexistrador da propiedade de Lalín certifica, que os montes obxecto do presente expediente de clasificación non figuran inscritos.

OITAVO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto periodo de audiencia, presentaron alegacións D. Samuel Crespo Dobarro, en representación da CMVMC de Zobra, D. Manuel García Lalín, Dna. Pura Dobarro Moa e outros, D. Florentino Dobarro Moa e Dna. Rosa Acevedo Cachafeiro que alegaron o que en dereito lles conviña e que se dan por reproducidas en aras do principio de economía procedimental.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "*... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a*



comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Terceiro.- En canto as alegacións formuladas pola CMVMC de Zobra, procede a súa estimación en canto se define unha liña mais precisa no referente ó linde Sur das parcelas 2, 3, 4 e 5 quedando ese linde definido do seguinte xeito:

- Liña que vai dende o vertice V.1 Xunta dos Ríos (Río Deza), pasando por Campo de Taboadela, Penas Porqueiras; Penas da Chaira ata ó vertice V.11 Pena do Corvo

Cuarto.- As alegacións formuladas por D. Florentino Dobarro Moa e Dna. Rosa Acebedo Cachafeiro, procede asimesmo a súa estimación, xa que a propia comunidade en escrito presentado en data 26/04/06, non obxecta que se clasifiquen como monte veciñal, senon que recoñece a titularidade privada desas parcelas, solicitando se excluan da clasificación como monte veciñal en man común, unha superficie de 84,5494 Has. da parcela nº 1

Quinto.- No referente ás alegacións de Dna. Pura Dobarro Moa, procede a súa estimación do mesmo xeito que as anteriores (todas menos unha en superficies propostas pola comunidade a excluír). Tamén no caso da parcela denominada “Souto e Pinar de Fontes”, non aceptada pola comunidade, entendendo que existen indicios que comparado co resto que os veciños propoñen excluír, son similares e indican aproveitamento individual a título particular da mesma, con presenza de muro en parte da súa linde, parcialmente derrubado nalgunhas partes, e repoboación de castiñeiro de entre 20 e 25 anos


En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA::**

Clasifica-las 5 parcelas de monte solicitadas polos veciños do lugar de Moa, da parroquia de Vilatuxe, do concello de Lalín, de acordo coa descrición reflectida no feito cuarto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución




Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

[Handwritten signature]
[Handwritten signature]
[Handwritten signature]
[Handwritten signature]



OBSERVACIÓNS :
OS DATOS QUE APARECEN NESTE
PLANO FORON FACILITADOS POLO
XURADO PROVINCIAL DE MONTES.



CLASIFICACIÓN DE MOA
SUP. TOTAL = 158,17 has.

SUP. 1 = 26,9531 has.
SUP. 2 = 116,7990 has.
SUP. 3 = 7,8000 has.

SUP. 4 = 0,2679 has.
SUP. 5 = 6,3500 has.

DATA : XUÑO-2007
ESCALA : 1/10.000
AUTOR : TOPOGRAFÍA

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN
CONCELLO : LALÍN
COMUNIDADE : MOA
PARROQUIA : VILATUXE
MONTE : DE MOA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVICIO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Handwritten signatures and stamps:
Circular stamp: XUNTA DE GALICIA, COMARCA DE BASILICACIÓN DE MONTE, PONTEVEDRA, Consellería do Medio Rural.
Handwritten signature: *Uuis*
Handwritten signature: *Esther Fdez*